



## BASES DA ESCOLA MUNICIPAL DE FÚTBOL SALA (CURSO 2022/2023)

1. A **ESCOLA MUNICIPAL DE FÚTBOL SALA 2022/23** vai dirixido a nenas e nenos con idades comprendidas entre 4 e 11 anos (nada@s entre os **anos 2017 e 2011**).
2. O **SERVIZO** desenvolverase **durante o curso escolar 2022/2023** no Pavillón Polideportivo Municipal.
3. **HORARIO E DÍAS DO SERVIZO:** Luns e mércres en horario de tarde. Os horarios para cada categoría estableceranse nos días previos ao inicio da actividade.
4. **PRAZAS E CATEGORÍAS:**
  - 4.1 Número de prazas: 15 prazas por cada categoría.

Terán preferencia para utilizar o servizo as unidades familiares con nenos e nenas empadroados no Concello de Pontecesures. As prazas ocuparanse por rigoroso orden de inscrición.

No caso de quedar prazas vacantes, poderán participar nenos e nenas de outros concellos.

#### 4.2 Categorías:

**Biberón:** Nados/as nos anos 2017/2018

**Prebenxamín:** Nados/as nos anos 2015/2016

**Benxamín:** Nados/as nos anos 2013/2014

**Alevín:** Nados/as nos anos 2011/2012

Establécese un número mínimo de 10 participantes para cada categoría, os/as cales poderán ser agrupados en categorías de idades afíns, no caso de non acadar o número mínimo de participantes establecido.

#### 5. **FORMALIZACIÓN DA SOLICITUDE.**

A solicitude de admisión no servizo realizarase cubrindo a **ficha de inscrición** que se pode descargar na web municipal no seguinte link:

<http://pontecesures.org/vernoticia.asp?id=1745>





Unha vez cumprimentada a solicitude, chegarase ás oficinas do Concello de Pontecesures sito na Av. de Vigo, 2 - Pontecesures, tfno. 986 55 71 25 en horario de 09:00 a 14:00h. ou a través da sede electrónica do concello <https://pontecesures.sedelectronica.gal/>

O **prazo de inscrición** comezará o **16 de setembro de 2022** e permanecerá aberto durante todo o curso 22/23, ata completar o número de prazas dispoñibles.

